

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN E SE SUBSTITÚE UNHA VOGAL

Pola Orde do 2 de xullo de 2024 apróbanse as bases reguladoras que rexerán o concurso público de dez bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e procédese á súa convocatoria (DOG núm. 137, do 16 de xullo de 2024).

A base décima da orde de convocatoria (*Instrución*) establece que, para a adxudicación das bolsas, constituirase unha comisión de valoración que levará a cabo a avaliación das solicitudes admitidas e que estará integrada polos seguintes membros:

- **Presidente:** o coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- **Secretario:** o secretario dos Consellos Científico e Executivo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- **Vogais:** Dous funcionarios da Secretaría Xeral de Política Lingüística e un director dos proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, propostos polo coordinador científico e nomeados polo secretario xeral de Política Lingüística.

Co previsto nesa base, o 2 de agosto propúxose o devandito nomeamento e logo da proposta de modificación efectuada polo coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, **RESOLVO**

Nomear un novo membro da comisión de valoración, en calidade de vogal, en substitución de Dona Celsa Margagida Iglesias de Sousa -por ausencia xustificada- incluíndo as persoas designadas anteriormente, polo que as seguintes vogais serán integrantes da comisión:

- Dona Víctor Míguez Rego
- Dona María Coutinho Villanueva
- Dona Ruth Otero Vilar

Santiago de Compostela

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

